IESCHA
Casa da Cultura - Praza de Suso Gayoso, 1 -
27800 VILALBA (LUGO)

www.estudoschairegos.gal
estudoschairegos@gmail.com

VII RUTA CULTURAL

VISITANDO…SARGADELOS

DOMINGO 18 DE SETEMBRO DE 2022

Saída ás 9:00 horas dende Casa da Cultura

(Inscricións: ata MÉRCORES, 14 de setembro)

Despois do parón motivado pola pandemia, o IESCHA retoma a organización das rutas, programando para o domingo 18 de setembro de 2022 a VII Ruta Cultural á Fábrica de SARGADELOS, para a que contaremos coa presenza dunha guía.

PROGRAMA

A saída de Vilalba, dende a casa da Cultura, producirase ás 9:00 horas.

Unha vez en Sargadelos, daremos comezo a visita á fábrica durante toda a mañá:

❖ **FÁBRICA DE SARGADELOS.-**

O novo Museo de Sargadelos recorre a historia da fábrica de cerámica nas súas cinco etapas, a evolución dos deseños e a contribución á posta en valor da cultura de Galicia. Tamén expón obras de grandes artistas como Luís Seoane ou Díaz Pardo e mostras de olaría tradicional galega. No antigo edificio que no seu día albergou o Seminario Sargadelos, conta con sete salas expositivas, o renovado auditorio, o túnel de obras dos estudantes das experiencias de verán desde 1971... No futuro prevense novas salas e recuperar a casa que Isaac Díaz Pardo, o gran impulsor da quinta etapa de Sargadelos, habitou na época na que foi veciño de Cervo.

A visita ao novo museo é o complemento perfecto á que se pode realizar á planta de produción do complexo Sargadelos, ambas as dúas incluídas na "Experiencia Sargadelos" (https://amarinalucense.gal)

Rematada a visita, realizaremos unha pequeña ruta a pé, polo camiño real, ata Cervo.

Dende Cervo, xa en autobús, trasladarémonos a Morás, onde terá lugar o xantar no RESTAURANTE A CANCELA.
Unha vez rematado o xantar, teremos tempo para visitar naquela zona: "O cemiterio dos dolos" e "Os cantís de Papel", entre outras.

Posteriormente, regresaremos a Vilalba.

A cuota que haberá que pagar será de 20 € por adulto (os menores acompañados, 5 €) que inclúe a comida, o autobús e a visita guiada.
Os/as interesados/as poden apuntarse ata o mércores 14 de setembro –como data tope improrrogable- ben enviando unha mensaxe á conta de correo electrónico do Iescha, *estudoschairegos@gmail.com*, ou ben contactando persoalmente ou por teléfono con calquera membro da súa Xunta Directiva. *(Algúns teléfonos: 686-451501/651-361628).*